



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Outubro 2019**

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Outubro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas superior ao do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,9%, 0,4 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 0,5% e nos Outros servizos aumenta o 10,9%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,3% e en España un 1,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de outubro.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas superior ao do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,9%, 0,4 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 0,5%, resta 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 10,9% e achegan 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 3,8% e nos *Outros servizos* o 4,3%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 2,0%, co que resta 1,1 puntos. En senso contrario, o *Comercio ao retallo* aumenta un 2,7%, co que achega 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece un 7,3% e achega 0,2 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 4,0%, o *Comercio ao retallo* do 1,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 8,5%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 10,9%. O *Transporte* rexistra o maior incremento, 25,7%, co que achega 2,3 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,3%. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (6,1%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (6,3%).

Nos dez primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 4,3% en Galicia e un 4,1% no conxunto do Estado. O *Comercio* rexistra un incremento do 3,4% tanto en Galicia como en España; os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia (7,3%) que en España (5,4%).

O *Comercio por xunto* (4,6%) e o *Transporte* (13,3%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicación* diminúen a súa facturación no que vai de ano, -5,1% e -0,5% respectivamente.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 4,0% no mes de outubro.

O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, ao incrementarse un 24,3%, co que achega 3,6 puntos. En senso contrario, o *Comercio* rexistra un descenso do 0,7%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 4,9%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (14,7%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -0,8%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 2,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 4,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de outubro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano. Os maiores aumentos danse en Extremadura (8,5%) e Murcia (8,2%).

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse Extremadura e Murcia (ambas as dúas 6,4%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (1,1%) e Illes Balears (1,2%).

## Índices de cifra de negocios. Outubro 2019


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,3% respecto ao mes de outubro de 2018, nove décimas menos que en España (1,2%).



O persoal ocupado aumenta un 0,5% no *Comercio* e un 0,2% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,2%), *Hostalería* (-0,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,9%). Os maiores crecementos danse no *Transporte* (2,3%) e *Información e comunicación* (2,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento rexístrase en *Información e comunicación* (2,9%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 1,4% en Galicia e un 1,7% en España. O maiores crecementos da ocupación en Galicia danse no *Comercio por xunto* (3,5%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,3%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano 2018. Os maiores incrementos danse en Murcia Extremadura (2,0%). Galicia é a comunidade con menor crecemento (0,3%).

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,4%) e Comunitat Valenciana (2,3%); a taxa máis baixa corresponde a Castilla y León (0,7%).

## Índices de persoal ocupado. Outubro 2019

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>137,7</b>	<b>2,1</b>	<b>4,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>138,2</b>	<b>-0,5</b>	<b>3,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	110,6	7,3	-5,1
Comercio por xunto	152,1	-2,0	4,6
Comercio ao retalho	111,8	2,7	1,7
<b>Outros servizos</b>	<b>135,6</b>	<b>10,9</b>	<b>7,3</b>
Transporte	150,4	25,7	13,3
Hostalería	112,7	1,7	5,7
Información e comunicacións	112,3	1,4	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,3	-4,5	3,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	165,2	7,4	4,9
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>128,0</b>	<b>3,9</b>	<b>4,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>127,8</b>	<b>3,8</b>	<b>3,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	143,4	8,5	-1,5
Comercio por xunto	133,2	4,0	4,7
Comercio ao retalho	112,2	1,5	2,6
<b>Outros servizos</b>	<b>128,4</b>	<b>4,3</b>	<b>5,4</b>
Transporte	130,6	6,1	6,1
Hostalería	119,1	0,5	3,6
Información e comunicacións	120,8	2,7	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,4	4,7	7,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	129,2	6,3	6,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	134,6	4,0	4,9
Comercio	135,4	-0,7	2,7
Transporte	169,7	24,3	14,7
Hostalería	116,5	1,4	5,2
Información e comunicacións	114,2	1,4	-0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,8	0,3	5,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	155,1	4,0	3,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Outubro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>128,0</b>	<b>3,9</b>	<b>4,1</b>
Andalucía	120,9	7,1	6,2
Aragón	130,4	1,7	3,3
Asturias	122,7	4,8	5,4
Balears, Illes	121,8	0,1	1,2
Canarias	123,0	0,1	1,1
Cantabria	133,2	5,4	6,3
Castilla y León	117,3	1,9	2,0
Castilla-La Mancha	131,1	2,8	3,8
Cataluña	123,8	2,0	3,3
Comunitat Valenciana	122,8	3,9	4,5
Extremadura	129,4	8,5	6,4
<b>GALICIA</b>	<b>137,7</b>	<b>2,1</b>	<b>4,3</b>
Madrid	137,0	5,2	4,3
Murcia	120,7	8,2	6,4
Navarra	129,2	4,5	4,7
País Vasco	128,4	4,2	4,5
Rioja, La	129,8	3,9	4,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>109,0</b>	<b>0,3</b>	<b>1,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>108,5</b>	<b>0,5</b>	<b>1,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,3	-1,2	0,8
Comercio por xunto	120,3	0,3	3,5
Comercio ao retalho	103,4	0,9	0,8
<b>Outros servizos</b>	<b>109,3</b>	<b>0,2</b>	<b>1,2</b>
Transporte	107,6	2,3	2,8
Hostalería	105,0	-0,4	0,1
Información e comunicacións	109,3	2,4	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,8	2,0	3,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,7	-2,9	-0,8
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>110,2</b>	<b>1,2</b>	<b>1,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,6</b>	<b>1,0</b>	<b>1,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	108,0	1,2	1,6
Comercio por xunto	111,9	1,2	2,1
Comercio ao retalho	104,8	0,8	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>111,9</b>	<b>1,3</b>	<b>1,8</b>
Transporte	110,7	1,6	2,1
Hostalería	110,8	0,4	0,9
Información e comunicacións	111,2	2,9	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,8	1,5	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	1,2	2,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Outubro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>110,2</b>	<b>1,2</b>	<b>1,7</b>
Andalucía	107,7	1,7	1,9
Aragón	112,3	1,2	1,3
Asturias	106,2	1,0	0,9
Baleares, Illes	124,1	1,3	1,6
Canarias	110,5	0,4	0,9
Cantabria	110,4	0,7	0,9
Castilla y León	106,4	0,9	0,7
Castilla-La Mancha	107,9	1,0	1,4
Cataluña	111,2	1,4	2,0
Comunitat Valenciana	112,5	1,4	2,3
Extremadura	107,3	2,0	2,4
<b>GALICIA</b>	<b>109,0</b>	<b>0,3</b>	<b>1,4</b>
Madrid	109,9	0,9	1,7
Murcia	112,9	2,0	1,5
Navarra	110,3	1,6	2,1
País Vasco	107,2	0,5	1,1
Rioja, La	110,1	1,8	2,0

Fonte: INE